

# **A VISITA VIRTUAL**

---

**Proposta didáctica para  
Xeografía e Historia de 2º da ESO**

**Manuel Antonio Hernández López**

# XUSTIFICACIÓN

Aínda que o noso alumnado é “nativo dixital”, en moitas ocasións pódese comprobar que o uso que fai das novas tecnoloxías é bastante pasivo. Moitos dos traballos presentados conteñen maravillosas imaxes obtidas da rede e incorporadas a documentos, presentacións, montaxes... con maior ou menor acerto.

Por outra parte, e centrándonos no patrimonio histórico-artístico, o habitual (e lóxico) é recorrer á internet para obter as mellores imaxes dispoñibles da obra do noso interese.

Pero, as novas tecnoloxías ofrecen mellores posibilidades para o estudo e coñecemento convertindo a busca nunha actividade máis activa, tanto para visitar de xeito virtual un lugar, ou ben, para preparar e recoller información de cara a unha visita física futura.

## OBXECTIVOS

- Empregar as novas tecnoloxías para o coñecemento do patrimonio histórico - artístico.
- Traballar con ferramentas como as capturas de pantalla, as visitas virtuais, Google Maps e Google Street View.
- Analizar imaxes para o coñecemento do patrimonio histórico - artístico.
- Valorar a busca activa para a realización de actividades propias.
- Valorar as posibilidades das TIC.

# ACTIVIDADE INICIAL

- As capturas de pantalla
- Google Maps e Google Street View
- A fotografía esférica
- Procedementos
- Diferenzas con sistemas operativos, navegadores, etc.



## ACTIVIDADE: DE SANXENXO AO GROVE PASANDO POR CAMBADOS



### Situación da zona (Google Maps)

- O pazo de Patiño
- A capela de A Lanzada
- A praza de Fefiñáns
- Escultura de Manolo Paz
- O pazo de Montesacro
- A igrexa de San Bieito
- As ruínas de Sta. Mariña
- A torre de San Sadurniño
- Os restos de Adro Vello



# ACTIVIDADE: VISITA DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



## Situación (Google Maps)

Con respecto a Europa

Con respecto a España

Con respecto a Galicia

Con respecto á provincia de A Coruña

## Exterior (Google Street View)

Imaxes das distintas fachadas

Imaxes de detalles do exterior

## Interior (Visita virtual)

Altar maior

Nave central

Bóveda de canón

Pórtico da Gloria

Detalle do Pantocrátor



## ACTIVIDADE: IGREXAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN GALICIA

- O Cebreiro
- Samos
- Convento da Madalena de Sarria
- Santiago de Barbadelo (Sarria)
- San Xoán de Portomarín
- Vilar de Donas (Palas de Rei)
- San Roque de Melide




## ACTIVIDADE: CASTELOS DE GALICIA

- Castelo de Pambre
- Torre dos Andrade (Pontedeume)
- Castelo de Soutomaior
- Castelo de Monterrei
- Castelo de Vilasobroso



## OUTRAS ACTIVIDADES

- Visitas virtuais específicas. Exemplo: a Capela Sixtina
- Visitas virtuais ás coleccións dos museos. Exemplo: Museo do Prado
- Percorridos específicos. Exemplo: A muralla de Lugo



## AVALIACIÓN

A avaliación consistirá na entrega por parte dos alumnos e alumnas dun documento coas capturas de pantalla dos lugares solicitados .

Cada imaxe irá acompañada dun texto breve relacionado co tema.

O documento para entregar será en formato PDF.

É importante deixar claro ao alumnado que a finalidade do traballo é poñer moita máis dedicación na visita virtual que na realización do documento.

A valoración terá en conta:

- Que as imaxes correspondan aos lugares solicitados e sexan capturas de pantalla.
- Que os textos teñan coherencia coas imaxes e cos temas tratados nas clases.
- Unha presentación discreta pero correcta en canto a colocación dos elementos, aparencia xeral, etc.